

ADMINISTRACIÓN LOCAL AYUNTAMIENTOS

V I G O

CONCELLO DE VIGO (ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”).

Anuncio das ofertas de emprego público 2010 e 2011 (exptes. 4.903/407 e 4.959/407).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2010, adoptou o acordo de aprobar a oferta de emprego público do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo” para o ano 2010, integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
2	Técnico Admon. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	1 libre +1 prom. interna
1	Arquitecto	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro tec. obras públicas	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro tec. industrial	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Prom. Interna
2	Inspector de urbanismo	C1	Admón. Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	Prom. Interna

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 25 de abril de 2011, adoptou o acordo de aprobar a oferta de emprego público do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo” para o ano 2011, integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
2	Enxeñeiro edificación	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Prom. interna
8	Administrativo	C1	Admón. Xeral	Admva.	-----	Prom. interna
1	Oficial de oficios	C2	Admón. Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	Prom. interna

Vigo, 30 de novembro de 2011. – A Concelleira Delegada de Urbanismo, Barrios Históricos e Grandes Proxectos, M^a Carmen Silva Rego. 2011012219

* * *

CRECENTE

A N U N C I O

Publicado edito no Boletín Oficial da Provincia número 212 de data 4 de novembro de 2011, durante o prazo de trinta días hábiles e non téndose presentado reclamación de conformidade co acordo plenario de data 26 de outubro de 2011 queda definitivamente aprobada as modificacións das ordenanzas fiscais para o ano 2012, dos tributos taxa por recollida de lixo, taxa por distribución de auga, incluída os dereitos de enganxe, colocación e utilización de contadores e taxa de sumidoiro, cujos textos integros se publican de seguido:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXOS

ARTIGO 1º.– FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por recollida domiciliaria de lixos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación e recepción obrigatoria do servizo de recollida de lixos domiciliaria e de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerza calquera actividade industrial, comercial, profesional, artística e de servizos.

Para tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de vivendas ou establecementos.

Exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

A recollida de residuos especiais, industriais e similares estará sometida ao establecido na normativa específica reguladora.

A recepción do servizo de recollida do lixo ten carácter obrigatorio para todos os inmobles situados nas zonas onde se preste o servizo.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, todas as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou, mesmo, de precario.

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

ARTIGO 5º.—EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Soamente se admitirán nesta taxa as exaccións ou bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de lei.

ARTIGO 6º.—BASE IMPONIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de recollida do lixo domiciliario.

ARTIGO 7º.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 8º.—DEVENGO

1.—Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida domiciliaria de lixos nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2.—Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas percibiranse o primeiro día de cada semestre natural.

ARTIGO 9º.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—Todas as persoas obrigadas ao pagamento deste tributo, deberán presentar na Administración Municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante escrito dirixido ao Sr.alcalde. De non ser así a Administración procederá a efectuar de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.

Toda alta, baixa ou modificación no Servizo será obxecto de declaración polo interesado no impreso oficialmente aprobado, que producirá efectos económicos no período impositivo da autorización do servizo.

2.—Á solicitude de alta deberá acompañarse da identificación do contribuínte (aportando copia DNI).

3.—Si se solicita a modificación por cambio no suxeito pasivo ou no uso, deberá aportarse os documentos que xustifiquen tal modificación, a fin de que obren no expediente.

4.—Si se solicita a baixa, deberá acompañarse documentación acreditativa de que o inmovible foi declarado ruinoso ou que adquiriu a condición de solar ou terreo, ou o título de transmisión do inmovible, salvo que, neste último caso, se solicite a modificación no suxeito pasivo.

Non obstante, cando se verifique por parte do servizo administrativo correspondente que a vivenda pode ser habitada, procederase de oficio a dar de alta a vivenda no correspondente Padrón, sen prexuízo do cal se poida instruír expediente de infraccións tributarias.

Fora dos supostos sinalados, non se admitirá baixa algunha.

5.—A débeda tributaria derivada do tributo liquidarase e recadarase por padrón, nos mesmos períodos e prazos e nun único recibo xunto coa a taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

6.—A inclusión no Padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga tributaria formal de alta ou da actividade inspectora municipal.

7.—Aos efectos do establecido no apartado precedente, considéranse inmovibles obrigados a contribuír, sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 1 da presente ordenanza, os que se encontren en calquera das seguintes circunstancias:

- a) Os incluídos no padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis ou que teñan solicitado a alta no mesmo.
- b) Aqueles que excederan o prazo máximo concedido pola licenza de obras para a construción dos mesmos, aínda cando non solicitaran a correspondente licenza de primeira ocupación.
- c) Aqueles que contén con subministro eléctrico ou de comunicacións.

8.—O cobramento das cotas efectuarase semestralmente mediante recibo derivado da matrícula, en período voluntario,transcorrido o devandito período procederase ao cobramento das cotas en vía de constrinximento.

9.—A prestación do servizo comprenderá a recollida de lixos nos contenedores habilitados ao efecto, no caso de telos.

Os usuarios veñen obrigados a depositar previamente os lixos nos contenedores apropiados ao tipo de lixo (verde, amarelo ,de vidro ou azul) correspondente ao seu tratamento selectivo, en recipientes axeitados e no horario que se determine, si é o caso.

10.—Queda terminantemente prohibido a pegada de anuncios ou carteis de propaganda de calquera tipo (festexos, políticos, de salas de festas, discotecas, ...) nos contenedores de recollida de lixo , sendo responsable a empresa anunciadora.Ditos feitos será sancionados con contias de entre 100€ a 500€, valorando circunstancias como a reincidencia, o número de contenedores usados para tales fins, e o custo de limpeza dos colectores.

**ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

Sin perxuízo do anterior sancionárase, previa tramitación do correspondente expediente, con multas de 100 € a 500€ (valorando circunstancias como a reincidencia, o número de contenedores usados para tales fins, e o custo de limpeza dos colectores...) o quebranto das normas de tratamento selectivo de lixo como depositar nos contenedores amarelos, verdes azuis ou nos do vidro cascallos de obras, ladrillos, electrodomésticos, mobles, colchóns, etc.etc..

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.—A presente Ordenanza fiscal deroga á actual Ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo.

DISPOSICION FINAL ÚNICA.—A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2011, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a derogación expresa.

ANEXO

1º.- A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS	EUROS
—Vivendas	38€
—Locais comerciais	76€
—Hoteis, hostais, pensións e establecementos de turismo rural	76€
—Industrias e talleres	80€
—Naves e almacéns	80€
—Bancos e caixas de aforro	76€
—Establecementos non enunciados semellantes os que si o foron, tributarán con cota igual a do que mais se lle pareza.	

Ditas cotas son de carácter anual, os pagos efectuaranse semestralmente por recibos da metade da cota anual.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA,
INCLUÍDA OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES****ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E RÉXIME**

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como o artigo 57, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se regulan mediante a presente Ordenanza Fiscal a taxa pola prestación do servizo de distribución de auga potable a domicilio. incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible que xustifica a imposición da taxa:

- a) A autorización da Administración para efectuar enganches a liñas de abastecemento ou subministración de propiedade municipal.